

CAMPAMENTOS DO CONCELLO DA CORUÑA 2021


Tempo de verán e consumo responsable

Escola de verán da OMIC

É tempo de diversión,
é tempo de conciliar.

**Aberta a preinscrición
do 24 ao 26 de maio.**

**Máis información en
www.coruna.gal/campamentos2021**



CAMPAMENTOS DO CONCELLO DA CORUÑA 2021

INFORMACIÓN CAMPAMENTO “ESCOLA DE VERÁN DA OMIC”

A Concellería de Comercio, Mercados, Consumo e Barrios, a través do Servizo Municipal de Emprego, organiza un ano máis a Escola de Verán da Oficina Municipal de Emprego. Un campamento no que poderedes gozar do voso tempo de lecer mentres traballades conceptos como o uso responsable das novas tecnoloxías ou os hábitos de alimentación saudable...esperámosvos un ano máis!

INFORMACIÓN RELATIVA Á SITUACIÓN DA COVID-19

O Concello da Coruña seguirá en todo momento as directrices marcadas polo Ministerio de Sanidade e Benestar Social, e OUTRAS autoridades competentes en materia sanitaria, en relación á celebración de actividades de lecer educativo xuvenil nas diferentes fases de desescalada e volta á normalidade, en función da evolución xeral e territorial da COVID-19.

Para este fin implementará, en todas as actividades de lecer xuvenil, estratexias e protocolos de actuación así como condicións de participación nas actividades.

A realización dos campamentos do Concello da Coruña queda supeditada á evolución da crise sanitaria provocada pola Covid-19. No caso de emitir as autoridades sanitarias competentes información contraria á súa realización, este quedaría suspendido.

1. PROTOCOLO DE ADECUACIÓN DAS ACTIVIDADES E INSTALACIÓNS A EMPREGAR EN ACTIVIDADES DE LECER EDUCATIVO XUVENIL CON MOTIVO DA COVID-19

Co obxectivo de preservar a saúde e seguridade das persoas usuarias e traballadores/ as no ámbito da educación non formal, establecerase un protocolo de actuación con medidas xerais e específicas a situacións concretas. Este protocolo poñerase en coñecemento das familias.

2. PROTOCOLO DE PREVENCIÓN E ACTUACIÓN EN CASO DE RISCO DE CONTAXIO OU DE CONTAXIO POSITIVO EN COVID-19

O campamento contemplará e avaliará o risco para cada tipo de situación que poida darse, a través dun protocolo de prevención e actuación ante COVID-19, coas consideracións para ter en conta en caso de risco de contaxio ou de contaxio positivo. Este protocolo poñerase en coñecemento das familias.

3. DOCUMENTO DE ACEPTACIÓN DE CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN, OBRIGACIÓN DE INFORMACIÓN E CONSENTIMENTO INFORMADO

As persoas participantes deben comprometerse co cumprimento dunha serie de requisitos esenciais de carácter sanitario e legal, a través dun documento de aceptación de condicións de participación, obrigaón de información e consentimento informado. Este documento terá que asinarse e ser entregado antes do inicio do campamento pola nai, pai ou responsable legal do/a menor.

CALENDARIO

Preinscrición: 24, 25 e 26 de maio

Publicación de listaxes de menores preinscritas/os: 31 de maio

Reclamacións: 01, 02 e 03 de xuño

Sorteo das prazas: 04 de xuño

Publicación de listaxes de admitidas/os: 10 de xuño nas webs coruna.gal/campamentos2021 e coruna.gal/omic

Inscrición: do 11 ao 15 de xuño

PERSOAS DESTINATARIAS

Menores de 4 a 10 anos, organizados en grupos de idade de 4 a 6 anos e de 7 a 10 anos.

*Ofértanse prazas para menores con diversidade funcional en grao que que non lles impida participar nas actividades co grupo.

QUENDAS

1ª Quenda: do 01 ao 15 de xullo 2021

A temática desta queda será o consumo e novas tecnoloxías. Facilitar ferramentas que garantan a adopción de bos hábitos de seguridade, facendo usuarias e usuarios conscientes da súa propia responsabilidade en relación co uso das novas tecnoloxías.

2ª Quenda: do 16 ao 30 de xullo de 2021

A temática desta quenda será o consumo e alimentación saudable. Coñecer a importancia da compra de proximidade para manter unha alimentación sa e equilibrada. Sensibilizar na creación de hábitos de alimentación positivos e saudables fomentando o comercio de proximidade.

HORARIO

De luns a venres de 09:00 a 14:00 h

*Por motivos de conciliación debidamente acreditados o horario poderá ampliarse de 08:30 a 14:30.

ESPAZO DE REALIZACIÓN

Centro Municipal de Emprego

Nº PRAZAS

60*

*30 en cada quenda

COTA DE INSCRICIÓN

0,00 € por quenda e participante

+ información e inscrición en coruna.gal/campamentos2021